

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DI


www.igadi.org

WE 2010
in the **WORLD**

NÓS NO MUNDO

INFORME ANUAL
SOBRE A ACCIÓN EXTERIOR
DE GALICIA

A acción exterior na axenda galega



A acción exterior na axenda galega

DIRECCIÓN:

Xulio Ríos

EQUIPO COLABORADOR:

Iván Area

Manuel Blanco Desar

Fernando Bruna

Celso Cancela Outeda

Manuel Dios Diz

Raúl Juste Lores

Gonzalo Mitchell Tenreiro

Carlos Teijo García

Xavier Vázquez

Antonio Martínez Puñal

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:

Irene Romero Iturralde

MAQUETACIÓN E EDICIÓN ELECTRÓNICA:

Breogán Xuncal Pereira

Os puntos de vista que se expoñen nestas colaboracións reflicten exclusivamente a opinión dos seus autores e, polo tanto, non representan o punto de vista oficial do IGADI. / The views expressed here are those of individual contributors and do not necessarily represent those of the IGADI as such.

Índice

Presentación

O Consello de Acción Exterior

Xulio Ríos

**Elementos para unha actuación internacional en relación
coa protección dos mariñeiros secuestrados**

Antonio Martínez Puñal

Novos principios para a política de internacionalización empresarial

Fernando Bruna

Galiza e a nova Política Común da Pesca do 2012

Xavier Vázquez

A Galicia-Norte de Portugal. Agrupación Europea de Cooperación Territorial (GNP-AECT)

Celso Cancela Outeda

Unha Delegación da Xunta en Lisboa

Gonzalo Mitchell Tenreiro

A invisibilidade de Galicia na emerxencia brasileira

Raul Juste Lores

Cooperación ao desenvolvemento: fin de ciclo e novos desafíos

Carlos Teijo García

Demografía: Galicia, un caso mundial

Manuel Blanco Desar

Na oferta mundial do ensino superior

Iván Area

Cita coa Cultura da Paz

Manuel Dios Diz

Os Autores

Presentación

Nós no Mundo (*We in the World*) pretende ser un informe reflexivo de periodicidade anual sobre algúns aspectos relevantes da nosa acción exterior, prestando especial atención ao acontecido no exercicio precedente mais tamén, á vista das inmensas dificultades existentes para establecer fronteiras cronolóxicas a certos niveis, afondar nas proxeccións temáticas máis sobresalientes respecto ao seguinte e vindeiros anos.

O esforzo súmase a unha preocupación que está na raíz da propia existencia do IGADI, que desenvolve boa parte da súa actividade co firme compromiso de promover a proxección internacional de Galicia e afirmarse como foro cívico onde as diferentes sensibilidades e demandas neste eido poden atopar un espazo de acomodo desde unha perspectiva tanto crítica como construtiva.

Cómpre significar o agradecemento aos autores que aceptaron colaborar na preparación desta primeira edición, confiando en que, no futuro, todo ese crecente conxunto de persoas que en diferentes campos, en Galicia e fóra dela, teñen no internacional un ámbito de profesionalización ou de estudo acheguen a este Informe os contrastes precisos para que a nosa paradiplomacia gañe en pluralidade, consistencia e utilidade.

As reflexións recollidas aquí teñen un complemento indispensable na cronoloxía do acontecer galego en relación á nosa acción exterior, un seguimento que fai a diario o IGADI de *motu proprio*, e que pode consultarse no Diario Exterior que semanalmente é publicado en www.igadi.org.

O director

Xulio Ríos

O Consello de Acción Exterior

A decisión de crear un Consello de Acción Exterior (Diario Oficial de Galicia nº 154, de 7 de agosto de 2009) como órgano asesor da Xunta de Galicia nesta materia, foi un positivo exercicio de estruturación da nosa diplomacia inédito no panorama autonómico español, ademais dun esforzo por abrir canais institucionais que disciplinen a contribución que desde diferentes eidos da sociedade civil e do ámbito público pode facerse para a definición de estratexias e políticas que favorezan a nosa inserción no mundo.

Certo que a experiencia no funcionamento deste tipo de Consellos, polo xeral, non é sempre satisfactoria, xa que tenden a quedar no formal e caen en desuso co paso do tempo, mentres a Administración tende a deixalos de lado cando neles xorden algunhas disonancias, por pequenas que sexan. Non obstante, estes espazos de diálogo e concertación son imprescindibles na sociedade actual e cumpren unha importante función tanto aglutinante, como de coordinación e mesmo de inventario reflexivo do noso actuar. En calquera caso, a súa dinamización efectiva é o primeiro reto que deben sobardar os seus integrantes, un empeño que vincula a todos os seus partícipes.

Non deben servir, en calquera caso, para edulcorar perdas de impulso, presuntas ou reais, que atoparían aquí un complemento lexitimador, mais si para desenvolver políticas proactivas que contribúan, como di o mesmo decreto, a consolidar no tempo a acción exterior de Galicia, a deseñar, coordinar e reforzar as nosas políticas públicas neste eido.

Na súa composición, o Consello sementa o conflito en relación a certos actores (universidades, organizacións sindicais ou cámaras de comercio, poñamos por caso), entidades tradicionalmente relutantes a reconducir a súa pluralidade en forma dun único representante, dificultades que quizais poderían térense solapado cunha maior xenerosidade representativa complementada coa definición dun duplo marco de traballo, diferenciando entre plenario e unha comisión permanente, máis operativa.

Números á parte, o novo goberno arranca co estigma do retroceso no eido da acción exterior. A perda de rango do departamento responsable desta área (antes Secretaría Xeral dependente da Presidencia e hoxe Dirección Xeral dunha consellería), a polémica decisión sobre as delegacións exteriores existentes e o anuncio de *numerus clausus* para se blindar ante hipotéticas demandas de novas aperturas, a baixa no compromiso en materia de cooperación internacional ao desenvolvemento, etc. son manifestacións que esixirían un desmentido, non de palabra, senón de obra, para convencernos de que as dificultades económicas do presente non van minguar a atención a un feito que transcende de sobra a dinámica do día a día para afectar en cheo ás nosas posibilidades estratéxicas de desenvolvemento e progreso como sociedade e como país.

Dispor dun órgano colexiado como este Consello pode achegar solidez, compromiso e rigor á nosa acción exterior. Mais a sinceridade da intención ponse en dúbida cando seis

meses despois de publicar o decreto nada se sabe aínda nin da súa composición efectiva nin hai indicios da súa próxima constitución. Talvez se confunda o feito de ser unha reivindicación minoritaria coa transcendencia do feito en si, mais a este ritmo será difícil acompañar a velocidade á cal vai o mundo de hoxe. A pegada que este baleiro deixa para todos é que, iniciativas louvables á parte, esta continúa a ser unha cuestión fóra de axenda.

Antonio Martínez Puñal

Elementos para unha actuación internacional en relación coa protección dos mariñeiros secuestrados

Ultimamente estamos asistindo ao rexurdimento do fenómeno da piratería nun espazo marítimo que se estende polo Golfo de Adén e as costas do sur de Somalia -un país a cualificar como un auténtico reino de taifas cun goberno practicamente inexistente- chegando cada vez máis preto das illas Seychelles. A esta magnitude xeográfica hai que engadirlle a importancia destas augas, tendo en conta que os conflitos do Oriente Próximo pecharon pasos terrestres necesarios para a exportación da produción de China e da India. A importancia do problema entenderase nas súas xustas dimensións se temos en conta que polo Golfo de Adén pasan máis de 20.000 buques cada ano.

Os actores presentes neste asunto son moitos. Por citar os máis importantes: Somalia, antigos pescadores somalís (frecuente ámbito de extracción dos piratas), patrocinadores das operacións de piratería, algúns dos “señores da guerra”, autores materiais, bufetes intermediarios, compañías de seguros, buques capturados, as súas empresas e os mariñeiros secuestrados e familias, os Estados dos pavillóns dos barcos, a ONU, a Organización Marítima Internacional, a FAO, a Unión Europea, as organizacións internacionais de pesca actuantes na zona, entre elas a Comisión do Atún para o Océano Indico, etc.

Non resulta fácil conxugar os intereses de todas estas partes. Son moitos os vimbios

que habería que amañar dentro dun canastro cheo de contradicións. Así, por unha banda, vemos que a comunidade internacional declarou a guerra aos piratas somalís mentres que ao mesmo tempo protexe discretamente as operacións das súas flotas adicadas á Pesca Ilegal Non Declarada e non Regulamentada (IUU, no se acrónimo inglés) procedentes de diferentes lugares do mundo que dende que caeu o que pode ser considerado como último goberno minimamente efectivo de Somalia, no 1991, comezaron a saquear furtivamente, con serio risco de exterminio de especies como o atún vermello, as fontes alimenticias dos seus mares e a utilizar aquelas augas sen vixilancia como vertedoiro de lixo tóxico e mesmo nuclear. Actualmente calcúlase que hai uns 700 barcos estranxeiros faenando ilegalmente naquela zona.

Sen dúbida, Galiza, coas limitacións propias dunha comunidade autónoma –carente de personalidade xurídica internacional-- en materia de actuación internacional, non dispón dun marco adecuado para facerse sentir nun ámbito no que, con ampla repercusión social, vense afectados algúns cidadáns seus. Agora ben, entendo que por parte de Galiza, e máis en concreto da Xunta, debería ir abríndose paso, mediante a aprobación dun novo Estatuto de Autonomía, a unhas maiores cotas de coparticipación, xunto co Estado e as outras Comunida-

des Autónomas –en especial Galiza e Euskadi en cuestións pesqueiras-- nos eidos da reflexión, estudo e programación da política exterior de España nos seus mais diversos planos. Este *dessiderata* non exime a Xunta da necesidade de satisfacer xa unhas esixencias de actuación en relación co fenómeno dos secuestros dos mariñeiros, que pasa, a día de hoxe, pola promoción e implementación de certas iniciativas tanto de nivel xeral, en procura dun equilibrio de todos os intereses en xogo, sen esquecer especialmente os de índole somalí, *condictio sine qua non* para procurar a orde debida naquelas áreas, como xa, nun nivel particular, atendendo a busca dunhas condicións axeitadas para o desempeño polos nosos paisanos dos seus traballos.

Ao noso xuízo, cúmprelle á Galiza un desempeño internacional, aínda que comedido ben dotado, non obstante, dun significativo valor, nun campo no que, mais alá de certas intervencións do Presidente da Xunta ao Goberno central e da Conselleira de Pesca pedíndolle ao Comisario europeo do ramo o seu compromiso político e apoio para lograr a creación dunha “forza multilateral” no seo das Nacións Unidas para perseguir a piratería marítima, a penas nada tense producido fóra do marco dunha comunicación non sempre fluída coa correspondente célula de seguimento formada pola administración central, en relación cos casos concretos –particularmente, Playa de Bakio e Alakrana—nos que se viu afectada España.

Entendo, en consonancia co que levo dito, que por parte da Galiza como tal, no que lle sexa posíbel, e imbricada con España en todo o demais, debería de darse apoio –e participación-- a todo aquilo que navegue en pro de conseguir a tranquilidade naquelas augas do Océano Índico, estea xa impulsado pola ONU

(por si mesma ou a través da FAO –involucrándose esta máis como instrumento para o desenvolvemento alimenticio dos Estados ribeiráns--, da Organización Marítima Internacional e das organizacións do sector pesqueiro que deberían implicarse máis na xestión efectiva do estudo, planificación e xestión das actividades extractivas naquelas augas escenario de piratería), pola Unión Europea, por organismos específicos como a Interpol (investigación da compoñente financeira dos ataques), ou, asimesmo, pola actuación das ONGDs españolas ou galegas pertinentes, ate agora ausentes naquelas zona.

En canto ás tarefas relacionadas coa piratería cabería que, por parte da ONU, cada vez máis precisa dunha reforma, fose definido un plano de actuación en relación cos Estados fallados e que, nun ámbito máis particular, por unha banda, ante as limitacións da Convención do Mar do 1982 en relación co binomio piratería-espazos marítimos susceptíbeis de intervención internacional, procedese á convocatoria, como xa suxeriu Sobrino Heredia, dunha conferencia internacional na que sexa adoptado un convenio con carácter xeral sobre a materia. Debería a ONU, así mesmo, traballar conxuntamente con Somalia e os Estados involucrados na pesca nas súas augas, nos aspectos relativos ao outorgamento, control –e correspondente cobro con destino a tal país—das oportunas licencias de pesca.

Polo que respecta á Unión Europea, terá, así mesmo, que ir máis aló do seu sistema de protección actual, a operación Atalanta. Sen dúbida que esta operación ten un valor inestimábel, pero revélase como claramente insuficiente se atendemos á ampla área de dous millóns de millas cadradas que cubre. Consciente diso, a UE aprobou, en novembro pasado, a creación dunha misión militar para a forma-

ción de membros das forzas de seguridade de Somalia. Cómpre, nesa dirección, avanzar na materialización do proxecto que pretende unha inmediata formación de 2.000 efectivos, dada a perentoriedade de estabilizar as estruturas políticas como paso cara o impulso do desenvolvemento de Somalia, co fin de axudar ao seu Goberno de transición a loitar contra a piratería na terra, en lugar de abordar o problema só no mar como veu facéndose ate agora.

Fernando Bruna

Novos principios para a política de internacionalización empresarial

O 2010 ha de ser o ano en que o novo goberno galego reforme a política de internacionalización empresarial, tal e como anunciaba no seu programa electoral. A fusión da Consellería de Economía coa de Industria xa ven supor un paso estratéxico importante para superar a **tradicional atomización, dispersión e descoordinación**. Lembremos que ata o ano 2004 o IGAPE non contaba cun apartado específico de internacionalización na súa páxina web. Posteriormente, o IGAPE continuou xestionando os apoios á internacionalización da Consellería de Economía con independencia do Plan de Fomento das Exportacións Galegas (FOEXGA) da Consellería de Industria, que, pola súa vez, é xestionado por 9 Cámaras de Comercio. Todo isto sen coordinar cos esforzos doutros axentes económicos e institucionais e moitas veces duplicando recursos escasos. E nun país no que máis da metade das empresas exportadoras non conta cun departamento específico de exportación.

Nos últimos anos téñense presentado novas iniciativas, como bygalicia.eu, exportgalicia.com ou o Servizo de Acceso ás Licitacións Internacionais SALT, que sen lóxica estratéxica implica á Consellería de Traballo. É o momento para Galicia de abordar esta política dun xeito integral. Vexamos once principios inspiradores, algúns deles xa recollidos no programa electoral do novo goberno:

» **Planificación estratéxica.** Ademais das CC.AA. con máis tradición na política de in-

ternacionalización, outras como Estremadura, Castela-A Mancha ou Murcia dispoñen de plans actualmente vixentes, mais non así Galicia. É imprescindible contar cunha folla de ruta plurianual elaborada en consenso que defina obxectivos, liñas de acción, ferramentas e mecanismos de coordinación. Cómpre que a abordaxe sexa plurianual e revisable, xa que esta é por definición unha política de medio-longo prazo.

- » **Priorización.** Cómpre dispor de plans país plurianuais para un reducido número de países estratéxicos aos que abordar por fases usando distintas ferramentas e buscando sinerxías entre accións. Os sectores estratéxicos e emerxentes necesitan plans de acción específicos. A colaboración coas asociacións sectoriais é esencial.
- » **Profesionalización.** Isto pode acontecer nun IGAPE reformado. A SPRI vasca, por exemplo, ten oficinas en máis de 50 países. Mais a tendencia autonómica é a de crear entidades específicas para a internacionalización empresarial, ben con empresas públicas (Canarias, Andalucía, Aragón, Madrid) ou ben con outras estruturas institucionais.
- » **Coordinación institucional.** Nas políticas autonómicas neste eido os modelos organizativos máis integradores crean entidades especializadas que incorporan os axentes privados (Cataluña, as dúas Castelas, Valencia, Asturias), en ocasións por iniciativa e liderado da axencia autonómica de desenvolve-

mento. Mesmo se non se fixer así en Galicia, o éxito depende do consenso e a coordinación de accións entre os axentes activos.

- » **Unidade de acción no exterior.** Como paso previo, unha Mesa Galega de Internacionalización e Cooperación Empresarial podería reunir todos os axentes involucrados nesta política, para coordinar as súas accións e buscar a súa especialización operativa: ICEX, Consello Galego de Cámaras de Comercio, Consorcio Zona Franca, Confederación de Empresarios, Fundación Galicia Europa, asesores de recoñecido prestixio, etc. Un precedente é o Consello para a Internacionalización Empresarial de Castela e León. Cómpre avaliar o posible papel das entidades financeiras nesta Mesa, como ocorre no EXCAL de Castela-León ou en ASTUREX (o ICEX colabora con Banesto, ademais de co ICO).
- » **Transversalidade.** Deben emprenderse estratexias comúns con Turgalicia, coas Universidades, cos responsables das infraestruturas públicas, da promoción cultural, das relacións diplomáticas, da I+D+i...
- » **Colaboración co Estado.** A acción galega debe usar os *Planes Integrales de Desarrollo de Mercados* deseñados polo Estado e aproveitar a súa marca. A estratexia dos Portos de Interese Xeral do Estado ou o novo mapa de transporte ferroviario de mercadorías son claves para o tecido empresarial galego. A política de Galicia ten que potenciar o acceso aos fondos estatais e europeos, e igualmente o aproveitamento das contribucións estatais a organismos internacionais, o que require apoio personalizado e non novas subvencións.
- » **Portugal e a lingua galega.** Mais a nosa principal vantaxe competitiva en Europa e

a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal é a lingua galega. Estas peculiaridades permiten o acceso a fondos europeos por parte de consorcios transfronteirizos, internacionais, e tamén o acceso privilexiado a mercados como Brasil, Angola ou Macau (China), ademais de, por suposto, a Portugal.

- » **Cooperación empresarial e entre organizacións intermedias.** A política de internacionalización deberá favorecer ás empresas e asociacións que cooperen intra- ou intersectorialmente e apoiar a súa cooperación con entidades estranxeiras. Isto require acompañamento, a mera subvención non é efectiva. Unha referencia sobre isto é a alianza do IVEX coa Cámara de Comercio de Valencia no apoio aos consorcios de exportación.
- » **Innovación.** A moeda global é única: a da competitividade, e as súas dúas facianas son a internacionalización e a innovación, como ben se entende desde ACCIÓ en Cataluña. A participación en redes europeas de innovación, e o aproveitamento dos seus fondos, é outra vía de internacionalización empresarial, como saben os centros tecnolóxicos. A política de innovación basease en prioridades e redes, como as creadas en Navarra ou Madrid, e cómpre que estea intimamente ligada ao apoio estratéxico para a internacionalización.
- » **Redes e redes de redes.** Non só cos empresarios no exterior, senón tamén cos xoves galegos que teñen sido bolseiros internacionais do ICEX ou do IGAPE, cos estudantes ERASMUS, coa atracción a Galicia de fillos de emigrantes (política que tería unha vertente demográfica) e a súa formación en comercio exterior, cos exalumnos dos moitos cursos existentes sobre comercio exterior ou idiomas. Débese contribuír a financiar a pre-

senza de expertos en comercio exterior nas asociacións empresariais e traballar con eles en rede... E todo iso baixo o paraugas único da estratexia galega de internacionalización e utilizando as TICs para manter a rede operativa, así como con profesionais que creen a infraestrutura e alimenten estas redes, e que lle ofrezan coñecementos e oportunidades laborais ou de negocio.

A actual situación económica e as oportunidades que creará a súa superación, esixen este esforzo pola planificación estratéxica, a coordinación e a cooperación.

Xavier Vázquez

Galiza e a nova Política Común da Pesca do 2012

1. O contexto da reforma da Política Común das Pescas (PCP)

Cada dez anos a PCP ten de ser renovada. A última modificación aconteceu en 2002, de xeito que a próxima terá de ser en 2012. Na ocasión anterior, por razóns diversas, os cambios foron mínimos. Pódese dicir que foi unha reforma sen sobresaltos, que pretendeu mudar detalles para que nada mudase en esencia. A xestión por cotas de pesca, a estabilidade relativa no reparto das posibilidades de pesca e a limitación de acceso as augas e aos recursos non se aliñaron certamente coas teorías que defendían que o libre acceso aos mercados tería que camiñar en paralelo co libre acceso aos recursos.

O sistema así deseñado non funcionou como se esperaba. Se cadra o maior consenso obtido foi neste diagnóstico. Agora queda por ver se hai unidade de acción no que se refire ao tratamento desta doenza crónica que significa o desequilibrio entre os recursos mariños vivos comercialmente explotábeis e a capacidade extractiva da flota da Unión Europea.

Unha terapia axeitada é posíbel se baseada na abordaxe de tres problemas: a) xestión dos recursos segundo un sistema de esforzo de pesca (o que parece ser unha mudanza no paradigma das cotas), b) defensa dunha política de crecemento sostíbel (algo xa tan antigo como o Informe de 1972 do Clube de Roma sobre os límites do crecemento ou a mais recente estratexia de Xohanesburgo) e c) avance na coxes-

tión, implicando o sector quer na toma de decisións quer na asunción de responsabilidades. Todo isto adobiado cun enfoque “rexional”, no senso que en inglés se lle dá á verba “rexión”, que nada ten a ver coas realidades nacionais senón cos ecosistemas mariños ou as unidades bioxeográficas.

2. A reforma do sistema de control, un anticipo da reforma da PCP?

Recentemente, despois de dous anos de discusións non sempre fáciles, aprobouse a reforma do regulamento de control da Política Común de Pesca. As análises internas da Comisión Europea e as críticas do Tribunal de Contas europeo no seu informe de 2007, non deixaban lugar a dúbidas sobre a gravidade da situación de incumprimento das normas e a necesidade, por tanto, de confrontar o problema de raíz e construír un novo marco referencial para garantir o respecto ás normas da PCP. A reforma, xa anticipada cun plan de acción deseñado en 2003 que tivo como primeiro paso a creación da Axencia Comunitaria de Control de Pesca, con sede en Vigo, incluía tres piares: a) o regulamento destinado ao control da pesca ilegal non regulamentada e non declarada (máis coñecida polas siglas inglesas *IUU*), b) o regulamento referente ás autorizacións de pesca e c) o regulamento de control, que substitúe o anterior do 1993, que non fora desenvolvido senón parcialmente. Esta reforma é dalgún xeito un anticipo do talante na

discusión e da amplitude das mudanzas que a Comisión pretende para a renovación da Política Común de Pesca.

3. Un sistema de esforzo

Trátase de mudar o concepto de “posibilidades de pesca”, dun sistema baseado no control dos *outputs* (capturas) por un sistema que contemple como mecanismo básico o control dos *inputs* (acceso ao recursos en termos de esforzo de pesca). As posibilidades de pesca estarán limitadas, pois, para adaptar o tamaño da flota aos recursos, e será necesario deseñar un sistema de restricións de acceso segundo os parámetros máis axeitados a cada situación (días de pesca, número de panos de rede, de anzois ou de nasas, potencia motriz, etc.). Este sistema ten probado a súa utilidade en certas pescarías e preséntase a un tempo como un reto e unha oportunidade.

4. Coxestión

Fálase cada vez máis de coxestión, no senso de lle dar máis responsabilidades de xestión ao sector da pesca, revertendo a tendencia até agora en práctica na que as decisións eran adoptadas polos respectivos ministros a unhas decisións tomadas co acordo tácito dos destinatarios das mesmas.

As maiores dificultades para avanzar neste sistema veñen da escasa articulación do sector (en particular o extractivo), o que condiciona a dificultade de atopar interlocutores válidos coas distintas administracións. Outra dificultade real constitúena as resistencias creadas entre o sector, os responsábeis científicos e os responsábeis políticos, que adoitan ter visións confrontadas e de difícil reconciliación.

5. Pesca artesanal

Que acontecerá coa pesca costeira, o marisqueo e a acuicultura intensiva? Esas e non outras son as cuestións que se fan as comunidades pesqueiras e marisqueiras, e o cada vez máis puxante sector da acuicultura (intensiva e extensiva). As ideas de pesca sustentábel van claramente no senso de reservar unha parte das posibilidades de pesca (cotas e/ou esforzo) á pesca artesanal (pola xeración de emprego) e a pesca selectiva (polo respecto á biodiversidade e á práctica da pesca responsábel). Daquela esta reforma non pode ser senón positiva e unha oportunidade para que os pescadores galegos de baixura, os mariscadores e os produtores acuícolas avancen na mellora das súas condicións de traballo.

6. E cal é o papel de Galiza en todo isto?

Potencialmente significativo. Moitas veces temos escoitado como políticos e administradores, empresarios e profesores de universidade enchen o papo como pombos cando declaran que Galiza é unha potencia pesqueira. Mais se de verdade cremos o que estamos a dicir, daquela cómpre ir máis alá desas declaracións fatuas e adoitar dunha vez o rol de liderado que se espera dunha “potencia”. Para iso é necesario que o sector (extractivo, transformador e comercializador) faga un investimento importante en presentar alternativas usando estatísticas e indicadores fiábeis, sensibilizando o tecido social sobre a necesidade do respecto ás normas e investindo nunha mellora da comunicación. No caso contrario, todo se resolverá como en ocasións anteriores, nun pranto elemental ou nunha posición permanentemente á contra, impropias daquel que se considera a si mesmo

“potencia” e, por tanto, con dereito a decidir, non coa razón da súa forza senón coa forza da súa razón, que o teñan levado a ser líder.

Exención de responsabilidade:

Este traballo representa exclusivamente as opinións do seu autor e non pretende representar a posición oficial da Comisión Europea.

Disclaimer:

This paper represents exclusively the views of his author and does not purport to represent the official position of the European Commission.

Celso Cancela Outeda

A Galicia-Norte de Portugal. Agrupación Europea de Cooperación Territorial (GNP-AECT)

En setembro de 2008 foi asinado en Compostela o Convenio de Cooperación Territorial Europea entre a Xunta de Galicia e a *Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte* (CCDRN) para constituír a GNP-AECT con fundamento último no Regulamento 1082/2006, de 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT).

Desde esta última data ata a constitución da GNP-AECT transcorreron algo máis de dous anos. A parte española investiu aproximadamente dezaioito meses para a aprobación do Real Decreto 37/2008 polo que se adoptaron as medidas necesarias para a aplicación efectiva do Regulamento AECT. O Goberno galego presentou formalmente a preceptiva solicitude de constitución o 18 de febreiro de 2008. O Consello de Ministros de 27 de xuño de 2008 adoptou o acordo de autorización para que a Xunta de Galicia participase na GNP-AECT. Foi este o paso previo á sinatura do Convenio de Cooperación Territorial e dos Estatutos da GNP-AECT. Finalmente, ámbolos documentos foron inscritos no Rexistro do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación o cal implicou o recoñecemento de personalidade xurídica á GNP-AECT.

Pola banda portuguesa, o primeiro paso consistiu na aprobación do Decreto-lei nº 376/2007, de 8 de novembro de 2007 que regulaba as funcións, pertenza ou o procedemento de constitución das AECT. En concreto, as

entidades interesadas en participar nunha AECT deben presentar unha solicitude ao Instituto Financeiro para o Desenvolvemento Rexional (IFDR), acompañada de documentación adicional (proposta de convenio de cooperación, proxecto de estatutos, memoria explicativa de actividades, etc.). Neste caso, o *Ministério do Ambiente, do Ordenamento do Território e do Desenvolvimento Regional* pronunciouse favorablemente sobre a participación da CCDR-N na proxectada AECT por medio do Despacho nº 20723/2008, de 25 de xullo de 2008. A diferenza do procedemento español, non require a aprobación do órgano colexiado de goberno, senón unicamente dun ministro.

A denominación oficial da AECT é “Galicia-Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial” (“GNP, AECT”). A GNP-AECT, que fixou o seu domicilio social en Vigo, dispón de personalidade xurídica, goza da máis ampla capacidade xurídica de actuación nos respectivos estados e constitúese cunha duración indeterminada. Contará con persoal a tempo completo, unha dirección conxunta (inicialmente, o director será portugués e o Secretario-subdirector galego). Tamén dispón dun orzamento propio proporcionado polas contribucións, a partes iguais, da Xunta de Galicia e a CCDR-N.

A GNP-AECT apunta a facilitar e fomentar a cooperación territorial entre os membros co fin exclusivo de reforzar a cohesión económica

e social. En concreto, para o período 2007-2013 as tarefas principais relaciónanse coa execución do Plan de Cooperación Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 aprobado pola Comunidade de Traballo.

A estrutura orgánica da GNP-AECT artéllase arredor dunha Asemblea, un Director, un Secretario-subdirector e un Consello Superior. A Asemblea está composta por catro representantes da Xunta de Galicia e catro da CCDR-N, designados discrecionalmente polos respectivos presidentes e seleccionados entre autoridades e funcionarios. O voto de cada representación ten idéntico peso e será indivisible. A Asemblea pode deliberar e adoptar acordos seguindo os principios de paridade e consenso. Compételle a aprobación do programa anual de actividades, do orzamento anual, da estrutura orgánica, de tarifas, taxas, exaccións, canons ou prezos, a imposición de sancións disciplinarias, autorización previa de operacións de préstamo ou crédito, etc.

O Director, designado de mutuo acordo por un período bienal, deberá ser de nacionalidade distinta á do Secretario-subdirector e á do inmediato director saínte. Está facultado para representar á GNP-AECT, convocar, presidir e dirixir as sesións da Asemblea, propor proxectos de regulamentos, acordos e actos á Asemblea, exercer a xefatura de persoal, etc. Actuará auxiliado polo Secretario-subdirector, que conta entre as súas facultades a de archivar e conservar a documentación oficial ou xuridicamente válida da GNP-AECT.

Finalmente, o Consello Superior é un órgano formado polos Coordinadores Xerais da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal en representación da Xunta e a CCDR-N; é, pois, o vínculo orgánico entre a GNP-AECT e as máximas instancias políticas rexionais. Correspónde-

lle ditar as directrices estratéxicas e exercer en consenso a alta supervisión da GNP-AECT.

As decisións serán adoptadas respectando a competencia de cada órgano, os procedementos e formalidades previstas; os órganos colectivos seguirán os principios de consenso e paridade. Respecto ao réxime lingüístico, son linguas de traballo o portugués, o galego e o castelán; todo documento xerado pola GNP-AECT terá plena validez xurídica en calquera delas, sen necesidade de tradución.

Desde a creación da GNP-AECT conviven no nivel rexional dúas entidades no ámbito da cooperación: a Comunidade de Traballo, configurada como órgano político, e a GNP-AECT deseñada para executar directamente os proxectos cooperativos, xa que posúe personalidade xurídica e administrativa, conta con persoal propio e ten capacidade para realizar licitar, contratar e realizar obras públicas, expropiar, xestionar en común equipamentos e explotar servizos de interese xeral.

Esta nova entidade debería permitir superar algúns obstáculos que dificultaron a cooperación (a falta de capacidade e seguridade xurídica, de axilidade nos procedementos, de eficacia e eficiencia das iniciativas cooperativas etc.), gañar estabilidade institucional, aportando maior madurez e solidez ás iniciativas cooperativas, e dotar dun enfoque estratéxico e integrado á conxunto cooperación territorial.

A constitución desta entidade evidenciou a firmeza da vontade política das institucións implicadas no seu nacemento e a confianza recíproca fraguada na experiencia compartida ao longo de case dúas décadas de cooperación. Supón concibir a cooperación territorial como unha oportunidade, como un instrumento capaz de paliar as consecuencias do feito fronteirizo e de aproveitar o potencial eurorrexional

para situar este espazo no contexto peninsular e europeo e convertelo nunha área atractiva, competitiva, innovadora e de crecemento que, ao cabo, incremente a cohesión económica e social contrarrestando as dinámicas que agravan os desequilibrios e desigualdades interterritoriais.

Con todo, este novo instrumento de Dereito público esixe un notable apoio político, en especial, nun contexto no que a cooperación territorial e os fondos comunitarios estarán desvinculados. Sen unha acción política decidida de apoio, a súa capacidade de influencia para a captación de fondos públicos e privados será escasa, condenándoas á desaparición por inaniación. Ante o horizonte de 2013, a cooperación territorial será sometida á súa particular proba de lume: sobrevivir sen o sustento financeiro comunitario.

Coa vista nesa data e neste obxectivo, a GNP-AECT está a camiñar moi lentamente. Esquecendo o atraso inicial causado polo Goberno central e a cita electoral galega e lusa, certamente, desde setembro de 2008, apenas se avanzou; nin sequera se designou ao seu Director e Secretario-subdirector e, en consecuencia, non comezou o seu funcionamento. No nivel rexional, o ano 2009 que acaba de concluír foi un tempo desperdiciado no tocante á cooperación. O único evento destacable neste nivel foi aprobación do *Memorando para o reforzo da cooperación* (subscrito o 7 de xullo de 2009 entre os presidentes da CCDR-N e da Xunta de Galicia), que, porén, non tivo tradución práctica. Así, en 2010 será necesario redobrar e concentrar os esforzos de todo tipo para recuperar o tempo e situar a GNP-AECT a velocidade de cruceiro coa vista no escenario de 2013.

Gonzalo Mitchell Tenreiro

Unha Delegación da Xunta en Lisboa

Nos últimos anos, Comunidades Autónomas como Extremadura, Andalucía, e mesmo Castela León teñen intensificado o seu investimento en Portugal. A actividade de Galicia tense centrado no norte, afirmando o seu peso específico na Euro-rexión, mais isto non deixa de ser xestionar fondos europeos, pero non xestionar as relacións económicas de Galicia con Portugal. Lisboa é a capital financeira do país, e o luso é un estado moi centralizado comparando co español. Toda actividade socioeconómica pasa pola Cidade da Luz. O ano pasado, empresarios do norte de Portugal queixábanse á AICEP (con delegación en Vigo), o ICEX portugués. Se era certa a existencia dunha delegación no Porto, ao final tiñan que acabar facendo as xestións en Lisboa.

Lisboa sería a antena con Portugal e o mundo lusófono que Galicia precisa, alén de abrir a cooperación a todo Portugal e non só á Euro-rexión co Norte de Portugal, e sendo a porta á CPLP en canto a cooperación e comercio exterior e cultura. Brasil, Portugal e Angola serían os eixos económicos onde a promoción do turismo, do comercio exterior, das axudas europeas, do aproveitamento e melloras dos servizos á diáspora galega e da cooperación ao desenvolvemento se converten en promoción de Galicia no exterior retroalimentando as súas potencialidades coa diáspora e abrindo un espazo para Galicia a nivel internacional.

Hai que dicir que todo esforzo de investimento noutro país sempre é beneficioso, xa sexa a corto ou a longo prazo. Considero que Galicia, e mais nestes últimos anos coa Euro-

rexión, sempre ten mirado ao norte de Portugal. Este é o 2º país por importancia no noso mercado internacional. Portugal é o banco de probas para calquer empresa galega que comece a súa internacionalización.

Moitas empresas portuguesas tamén utilizan Galicia como porta de entrada para as súas iniciativas, sendo así que cando comezan a súa actividade fóra do país luso, tentan entrar en Galicia, Madrid e Barcelona. O problema atópase cando non hai unha verdadeira estrutura permanente que apoie e informe no terreo. Galicia deixouse ir no investimento e promoción en Portugal por estar este país en crise, estar ao lado e deixar en mans das inercias da iniciativa empresarial esta internacionalización.

Andalucía e Extremadura teñen apostado fortemente nestes últimos anos en Portugal contando as dúas comunidades con espazos físicos propios, como é Extenda e Fomento de Mercados, respectivamente, acompañado desde o 18 de xuño de 2009 coa Delegación de la Junta de Extremadura en Lisboa. Este esforzo institucional por parte doutras CCAA é o que esta a facer que Galicia comece a perder peso. Tamén hai que ter en conta as sinerxías propias do Estado luso pois na súa lóxica de interese, se Porto mira para Galicia, Lisboa mira para Madrid.

Outra razón de peso radica en que Lisboa está a ser a porta para as relacións económicas e empresariais da Africa lusófona, con gran importancia e interese no país angolano, o cal nos últimos anos experimentou un despegue económico significativo debido sobre todo á

comercialización de petróleo e diamantes, se ben as súas estruturas democráticas aínda non alcanzan uns niveis apropiados, polo que é necesario entrar nese país a nivel económico e empresarial con consultoras ou axentes locais. Exemplo disto é o Grupo Vasco Gallega instalado en Sines e en Luanda.

A presenza do Igape, que como institución podería ser maior en Portugal, da Cámara de comercio da Coruña ou de Turgalicia, suxiren sinerxías posibles e mais eficientes que precisan da continuidade e coherencia que ofrecería unha Delegación da Xunta de Galicia na capital portuguesa, trasladando ao empresariado portugués a imaxe de constancia que precisamos.

Raúl Juste Lores

A invisibilidade de Galicia na emerxencia brasileira

Pregunte a un brasileiro sofisticado, educado e con moitas viaxes aéreas ás súas costas quen son Rosalía de Castro, Carlos Núñez, Manuel Rivas ou Adolfo Domínguez, e o máis probable é que xamais escoitara falar de ningún deles. Nin o éxito estratosférico do Camiño de Santiago promocionado polas procuras esotéricas de Paulo Coelho fixeron Galicia coñecida en Brasil. Os milleiros de clientes de Zara en São Paulo non teñen idea da orixe da marca de *fast fashion*. A marca Galicia é descoñecida en Brasil, ao contrario das marcas Madrid, Barcelona, Eivissa, Bilbao...

Aos 5 anos de idade xa frecuentaba o Centro Español de Santos, levado polos meus pais, nados no Grove e Salceda de Caselas. O clube tiña 99% de presenza galega, a terceira maior colectividade española en Brasil. Fun testemuña da modesta e oportunista política exterior de Galicia alí desenvolvida. Políticos galegos de todas as cores visitaban o clube exclusivamente en vésperas de eleccións autonómicas e os directivos gañaban viaxes a Galicia como presente desinteresado. A Xunta patrocinaba a contagotas as viaxes dalgúns grupos de xotas e muiñeiras para agradar os seus vellos electores e máis nada. A Galicia contemporánea sempre quedou fóra dese menú. Vivín tres anos en Bos Aires e vin que esa política estreita de miras non era exclusiva para Santos.

O momento brasileiro

Logo de 15 anos de estabilidade política e económica e dous presidentes moi por riba da

media internacional, Brasil parece acordar da súa longa hibernación. Os ollos do mundo parecen redescubrir ao país que será anfitrión da Copa 2014 e dos Xogos Olímpicos en 2016 en Rio. Quizais esas novidades empuxen a Galicia a dedicar máis atención a unha política máis ambiciosa para Brasil, que finalmente aproveite a evidente proximidade cultural.

Brasil aínda é un país en desenvolvemento, con graves problemas de infraestrutura urbana, vivenda, seguridade, etc., mais culturalmente falando é unha superpotencia desde os 50, cando a bossa nova conquistou EEUU, Orfeu levou o Oscar e Niemeyer axudou a construír a sede das Nacións Unidas. Desde entón, a música, as telenovelas, a moda, o fútbol, a arquitectura e o cine de Brasil exerceron un gran *soft power* do país no mundo.

Para que Galicia poida ocupar alí o seu espazo ten que pensar no seu propio *dream team*. Quen poden engadir algo novo, interesante, nun país afeito á antropofaxia cultural? Que empresas galegas poden exercitar os seus músculos atravesando o Atlántico? Que voces poden empezar a seducir a ese público que mal coñece o concepto de Galicia e o seu idioma, primo-irmán do noso portugués?

Prensa? Como xornalista, estou seguro de que os medios xogan un papel fundamental nese descoñecemento. Non hai ningún correspondente galego en Brasil, nin viceversa. Promover viaxes bilaterais é importante, mais non basta con invitar xornalistas brasileiros e levalos a bos restaurantes para agasallalos con mariscadas. Hai que ambicionar máis que o turismo:

todo dependerá de que personaxes galegos coñezan, que espectáculos, lugares, accións, empresas os visitantes brasileiros poidan apreciar. Unha boa axenda é fundamental.

Cinema? Xa existe un regulamento que apoia e financia coproducións, mais que avanza con paso lento. Non sería o momento de profundalo e descubrir talentos dos dous lados do Atlántico? Promovendo concursos de guións, produción de curtos e documentais, facendo mostras que poidan crear un novo espazo audiovisual.

Moda? Se Galicia ten algúns dos deseñadores máis importantes do panorama español, un achegamento coa São Paulo Fashion Week -berce dalgunhas das máis famosas modelos do mundo- paréceme obrigado.

Televisión? Un intercambio que podería comezar xa, sen maiores investimentos, debería establecer o diálogo de contidos das televisións públicas brasileiras e galegas. A TV Brasil e a TV Cultura de São Paulo poderían emitir programas feitos pola TVG, e viceversa.

Música? Carlos Núñez recentemente editou un CD enteiro con músicos brasileiros e sons dos dous países. Como é que aínda non se organizou un concerto con todos os involucrados, en Vigo, A Coruña, São Paulo e Rio? Cando haberá o segundo capítulo desa misión? A música nas periferias de Brasil, ademais de rica, pode servir como saída profesional para miles de mozos. Por que non patrocinar proxectos de profesionalización e intercambio nesas áreas?

Libros? Coas semellanzas idiomáticas (aínda que os idiomas non sexan iguais -sorry anexionistas), é increíble que a literatura galega sexa absolutamente descoñecida en Brasil. Unha forza-tarefa é obrigada para pór autores galegos na Festa Literária de Paraty, e nas Bienais de São Paulo e de Rio.

Para iso, a estratexia debe ser moi pragmática, por riba de batallas parroquiais e discusións lingüísticas que nin sequera en Galicia son capaces de mobilizar a multitudes (que teñen outras prioridades máis urxentes).

Se esa ponte aérea Brasil-Galicia descolar, os actores involucrados dos dous lados xa albiscarán novos proxectos que xeren negocios, empregos, ideas, amores, risas e sorpresas dos dous lados. E que as sociedades leven a relación pola súa conta e interese. Mais un intelixente e decidido empuxe nesas turbinas aínda está por verse.

Carlos Teijo

Cooperación ao desenvolvemento: fin de ciclo e novos desafíos

Con 2009 remata o primeiro ciclo de programación estratéxica da axuda galega (Plan Director 2006-2009), que foi concibido co obxectivo de consolidar unha cooperación galega de calidade. A valoración do período que agora finaliza, porén, non pode ser tan optimista e amosa luces e sombras que permiten afirmar que só se produciu unha consolidación parcial da cooperación galega.

Sen dúbida, nos catro últimos anos producíronse algúns avances significativos para a modernización da axuda galega. Entre estes elementos positivos cabe destacar os seguintes:

- » **1)** Acadouuse unha ordenación xeográfica da axuda, de xeito tal que se concentrou a inversión nos 17 países prioritarios (92,47%) ao tempo que se incrementaban os recursos destinados aos Países Menos Avanzados (ata chegar a 23,85 % sobre o total dos fondos). Neste sentido, consolidouse a aposta polas áreas de América do Sur, América Central, Caribe e os PALOP. Á luz destes datos, que poñen de manifesto unha concentración inercial da axuda nalgúns países prioritarios e a marxinación doutros (como Angola, Senegal, Haití, Cabo Verde, Mauritania e Namibia), e tendo en conta tamén a conveniencia de optimizar recursos concentrando o esforzo inversor, semella probable que, de cara ao próximo Plan Director, se observe a posibilidade de reducir o número de países prioritarios.
- » **2)** Avanzouse na diversificación e na mellora dos instrumentos normalizados de financia-

mento (convocatorias), a través fundamentalmente da creación de novos mecanismos de carácter plurianual como os programas con ONGDs, que permiten un apoio a medio prazo ás estratexias destas entidades.

- » **3)** Tamén se apostou pola consolidación dos actores non gobernamentais e polo reforzo de estruturas organizativas como a Coordinadora.
- » **4)** E foron impulsados tanto o comercio xusto, como a formación en materia de cooperación, a nivel técnico, e tamén a nivel educativo básico.

No balance do Plan Director, con todo, obsérvanse tamén notables incumprimentos que lastran de xeito significativo a valoración global que se pode facer do período. Sobresae, neste sentido, o feito de ter sido ignorado o marco orzamentario do Plan polos xestores da política de axuda; a finais de 2009, igual que a comezos de 2006, a Xunta de Galicia (lonxe de estar destinando para axuda 0,4 % dos seus orzamentos, como di o Plan Director) continúa a ocupar o último posto no *ranking* estatal do esforzo inversor da axuda ao desenvolvemento autonómica, sen chegar a superar de forma clara o umbral de 0,1% dos orzamentos dedicados a cooperación. Xunto coa escaseza de recursos financeiros, houbo outros déficits considerables na aplicación do Plan Director como, por exemplo: o escaso fortalecemento institucional da Xunta de Galicia na xestión da axuda, a feble coordinación establecida entre a axuda autonómica e

as intervencións estatais e locais, o emprego ritualizado dos órganos de consulta (Congacode) que impediu explotar as potencialidades destes como foros para unha participación dinámica e operativa, e, por último, a desatención dalgunhas das prioridades sectoriais enunciadas no Plan Director, como o investimento no ser humano ou en proxectos ambientais, que non foron tomadas en consideración.

En resumo, a implementación do I Plan Director da cooperación galega deixa un sabor agridoce. Quedan sentados para o futuro bos alicerces. Mais vai ser preciso compromiso político para avanzar no proceso de modernización da axuda galega. Sendo realistas, profundar nunha cooperación de calidade require, como mínimo, achegarnos á media de investimento autonómico (0,27% do orzamento) e contar cos medios técnicos suficientes para xestionar de forma eficiente esa inversión. Mantendo, claro está, o diálogo construtivo co sector non gobernamental. Son os retos básicos da nova etapa, nun contexto (presidido pola crise económica global) no que a axuda é máis imprescindible que nunca para os pobos desfavorecidos e no que a responsabilidade da xestión eficiente dos recursos escasos é, tamén, máis necesaria que nunca para os doadores.

Manuel Blanco Desar

Demografía: Galicia, un caso mundial

Se Galicia fose un Estado da ONU ou un territorio cun estatuto especial, estaría no fondo da lista mundial de fecundidade. Só tería detrás a Singapur, Hong Kong e Macau, por razóns obvias. Ocuparía o posto 221 dun total de 224 países e asimilados.

Desde 1981 Galicia perdeu a taxa natural de reposición demográfica (2,1 fillos por muller). Desde 1996 oscila entre 0,9 e 1,1. A UE está en 1,5. Isto explica o imparabile proceso de senescencia galega, que se reflicte no índice de envellecemento:

Territorio/Ano	1998	2007
UE-27	62,8	77,3
España	72,5	85,5
Galicia	94,7	135,2

Nótese a velocidade do envellecemento. Así explícase que a media de idade dos galegos fose en 1998 de 41,7 anos (UE 38,8), e bulise para 44,4 anos en 2007 (UE 40,7). Así se explica tamén que anualmente veñan morrendo entre 6.000 e 9.000 galegos máis dos que nacen. É como se unha bomba de neutróns eliminase cada primeiro de ano a poboación de vilas como Cee ou Ortigueira. De esta inercia proseguir, axiña a bomba actuaría en lugares como Marín ou Monforte. No 2051, por este camiño, Galicia tería un millón menos de habitantes e un millón folgado de pensionistas. De feito xa hoxe, se dispuxera dunha Seguridade Social propia, con pouco máis dun millón de persoas a cotizar e unhas 700.000 pensionistas, estaría

en quebra, polo seu galopante déficit de 1.300 millóns de euros, que en 20 anos subiría a 3.500 millóns por exercicio.

Se houbese que sintetizar un diagnóstico antropomórfico da nosa situación, diríamos que Galicia é unha vella primípara, ás portas do seu climaterio e disautónoma, o que a aboca a unha caste de autoxenocidio por esterilidade funcional e apoptose. Primípara, porque ten o seu único fillo xa no limiar dos embarazos de risco por idade e perto do climaterio. Disautónoma, porque semella ser insensible ante a súa fonda anomalía demográfica. Abocada a un autoxenocidio por esterilidade e apoptose, debido á tola conta atrás na súa carreira senescente.

De todas estas patoloxías a máis grave é a disautonomía, a incapacidade para ser consciente do seu mal. O sistema nervioso galego, o seu aparello intelectual, desenténdese de transmitir estes gravísimos feitos clínicos, ignorándoos deliberadamente por complexo ou incomodidade. O resultado é que a sociedade civil descoñece o seu gravísimo risco de supervivencia, en tanto suxeito colectivo con personalidade propia. Daquela non hai resposta.

A fórmula fatal que devasta Galicia resúmese deste xeito: $g + g = g$. Por iso cómpre que espertemos a Galicia deste letal sono, deste estado de catalepsia que a ensume. Galicia desnacionalízase, porque non hai nación sen nacementos, nin patria sen país, nin irmandade sen irmáns.

As terapias ao noso alcance son limitadas. Nós non temos músculo financeiro abondo, como outros países, para soste durante dé-

cadás un inxente investimento en axudas e servizos a prol da natalidade. Por exemplo, Luxemburgo pode investir nove veces máis ca nós (2.228 euros por neno/a, fronte a 286 en Galicia), para avanzar só 0,65 en fecundidade. Daquela debemos buscar novas fórmulas para que o pobo galego viva vizoso e poida financiar uns servizos sociais homologables cos países máis adiantados da UE. Isto implica abrirse máis ao mundo, tentando atraer a moita máis xente nova de fóra -canda menos medio millón de mozos e mozas en menos de corenta anos- e duplicar a taxa de fecundidade mediante un consenso xeneralizado, que aplique ferramentas masivas de acción afirmativa, sen caer na proletarización da paternidade.

Que viva Galicia depende dos nosos escasos rapaces. O demais non é vital.

Iván Area

Na oferta mundial do ensino superior

Na actualidade o sistema universitario está a vivir unha das maiores transformacións, froito da adaptación das titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior. Xa que logo, as diplomaturas, enxeñarías, licenciaturas e demais titulacións pasan a enmarcarse no esquema de grao, mestrado e doutoramento segundo o disposto no Real Decreto 1393/2007 en que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

Cómpre ter presente xa neste punto inicial que até o de agora existía unha listaxe de titulacións do que cada universidade podía solicitar a implantación dunha delas (Licenciatura en Economía, Diplomatura de Enfermaría, etc.). No novo marco, cada universidade pode facer propostas de titulación sen teren que pertencer os novos títulos a ningunha listaxe concreta (Grao en Infonomía, Grao en Enerxía, etc.).

En Galicia estamos diante dun reto poliédrico en que podemos identificar algunha das caras do seguinte xeito.

Por unha banda, a Lei 11/1989 de Ordenación do Sistema Universitario Galego aprobada por unanimidade das forzas parlamentares. No preámbulo xa se sinala a importancia de que o SUG se converta en eficaz instrumento de transformación social. Alén disto, no seu artigo 8 sinálase que o repertorio de titulacións do SUG atenderá ao principio de completitude, en virtude do cal debe tender a abranguer e incorporar a totalidade do repertorio de titulacións existentes, por área de coñecemento, no estado actual da ciencia e a técnica. Certamente, o concepto de completitude ten que ser entendi-

do no novo contexto de titulacións ao que me refería no primeiro parágrafo, no marco do EEES mais sen deixar de ter presente a necesidade de que os galegos poidamos cursar titulacións en todos os ámbitos de coñecemento, relacionadas asemade co noso tecido produtivo e a nosa sociedade.

Se temos en conta que cada titulación se concibe como un proxecto educativo máis amplo ofrecido pola universidade que se pode desenvolver conxuntamente con outras universidades do mundo, ábrense multitude de posibilidades en clave estratéxica de partirmos da necesidade da internacionalización dos nosos estudos en relación á sociedade na que se insire. Neste sentido, cómpre aproveitar as nosas vantaxes competitivas como poden ser o idioma galego como factor de achegamento a unha das potencias emerxentes máis claras como é Brasil, o mar como elemento característico da nosa economía e riqueza biolóxica, o patrimonio inmaterial como proba da nosa historia e tradición, etc.

Unha práctica ensaiada con éxito polas universidades galegas e que, no caso da Universidade de Vigo, ten como exemplo o curso interuniversitario de doutoramento en química teórica e computacional que tivo a súa última edición en Vigo. Nesta iniciativa, ademais da Universidade de Vigo, participan case 50 universidades de Bélxica, Francia, Italia, Polonia, Portugal, España, Suecia ou os Países Baixos.

Mais esta internacionalización debe contar xustamente coa nosa historia para proxectarmos no futuro. Como estratexia para unha

maior e mellor formación do alumnado, a Universidade de Vigo pretende que os nosos graduados aproveiten a oportunidade de vivir nunha terra de dupla oficialidade para perfeccionaren as dúas linguas nas súas vertentes técnico-científicas e, asemade, adquiran un dominio técnico-científico tamén da lingua técnico-científica internacional por excelencia, o inglés. Con esta formación en tres linguas, consolidando a propia, practicando a estatal e perfeccionando a internacional, conseguiremos que os nosos graduados se poidan relacionar con comodidade cunha comunidade internacional de 1.300 millóns de persoas (250 millóns falantes de galego-portugués, 400 millóns falantes de español e 650 millóns de falantes de inglés). Debemos converter esta riqueza nun privilexio e unha vantaxe a maiores da nosa oferta educativa.

Ademais, na actualidade, un dos parámetros polos que habitualmente se clasifica ás universidades está relacionado coa chamada mobilidade, en que debemos inserir estudantes, profesorado e persoal de administración e servizos. Intercambios académicos aos que as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia destinan moitos recursos e que cos que a Universidade de Vigo, primeira universidade galega en estudantes no programa Erasmus, está especialmente sensibilizada.

Finalmente, a idea da internacionalización das universidades debe ser analizada coa perspectiva de que unha universidade non é unha illa no medio dun océano, senón que calquera acción que levemos adiante nas institucións académicas vai ter repercusión en todo o tecido produtivo e social, e viceversa. Neste sentido, a aposta universitaria debe traspasar a mobilidade académica e fixarse tamén no desenvolvemento de prácticas en empresas estranxeiras

como complemento da formación dos membros da comunidade universitaria. E esta oportunidade de coñecermos outras culturas para valorar máis a nosa hai que analizala tamén en sentido recíproco, pensando nas posibilidades que lle ofrece ao noso empresariado poder contar con estudantado estranxeiro de cara á súa internacionalización. En todos estes aspectos a Universidade de Vigo é pioneira. Todas estas oportunidades existen nunha oferta mundial de ensino superior.

Manuel Dios Diz

Cita coa Cultura da Paz

No 2010 remata o Decenio da Cultura da Paz e a Non Violencia para todos os nenos e nenas do mundo proclamado polas Nacións Unidas (2001-2010). Con ese motivo, e con outros que coinciden, o Ano Xacobeo terá a Compostela tamén como un referente nacional e internacional da Cultura da Paz coa celebración, durante o mes de decembro, do FORO 2010 (www.foro2010.org), unha iniciativa de relevancia que congregará na capital de Galicia a representantes de Nacións Unidas do Grupo de Alto Nivel para a Alianza de Civilizacións, do Comité de Premios Nobel da Paz e dos coordinadores do Decenio co fin de avaliar os seus resultados e os desafíos do futuro máis inmediato.

Ademais, terá lugar un Foro Mundial de Educación que se centrará na educación, investigación e cultura de paz, promovido polo Foro Social Mundial (FSM) e o movemento altermundialista internacional, xunto con varios congresos de carácter máis académico sobre información e dereitos humanos, dereito humano á paz ou sobre a memoria histórica, a reconciliación e a cultura da paz.

Paralelamente, en diversos espazos da cidade daranse cita exposicións de pintura, literatura, cinema, fotoxornalismo, banda deseñada... e espectáculos musicais coa cultura da paz como centro de interese.

Sen dúbida, en 2010 Santiago de Compostela e Galicia enteira serán un referente da cultura da paz. O Seminario Galego de Educación para a Paz cumpre en 2010 o seu XXV Aniversario e con ese motivo quixemos promover iniciativas que colocasen Galicia no centro da cultura da paz e que contribuísen a consolidar

espazos e estruturas de participación estable en materia de paz. Por iso propuxemos aos grupos parlamentarios a aprobación por unanimidade dunha Lei de Fomento da Cultura da Paz, sobre a base da catalá de 2003 e da estatal de 2005. Temos o compromiso de que estará aprobada no primeiro trimestre do ano sobre un texto base presentado por nós. Por iso vimos de asinar un convenio para crear no convento de Herbón, en Padrón, un Centro Internacional pola Paz, denominado Lar da Paz, no que desenvolver e concretar as conclusións do Foro 2010, e tamén a Cátedra UNESCO de Cultura de Paz e Dereitos Humanos da Universidade de Santiago de Compostela.

Son todas iniciativas coas que queremos celebrar o noso XXV aniversario e o remate do Decenio da Cultura da Paz e a Non Violencia. Son unha boa proba de que a Declaración e o Programa de Acción sobre unha Cultura de Paz de Nacións Unidas de 1999 está a desenvolverse. De que os esforzos da UNESCO e do seu daquela director xeral, Federico Mayor Zaragoza, están a dar os seus froitos lexislativos, curriculares e políticos. De que o movemento mundial por unha cultura de paz está a avanzar, aínda que ás veces non o percibamos.

A cita é no 2010 en Compostela, en decembro, para darlle outro impulso á Educación e á Cultura da Paz.

Os Autores

Iván Area

é Vicerreitor de Relacións Institucionais da Universidade de Vigo.



Manuel Blanco

é escritor e economista.



Fernando Bruna

é consultor internacional.



Celso Cancela Outeda

é profesor de Ciencia Política e da Administración na Universidade de Vigo.



Manuel Dios Diz

é mestre, licenciado en Xeografía e Historia pola USC, preside o Seminario Galego de Educación para a Paz e dirixe a Fundación Cultura de Paz en Galicia. É o Secretario Coordinador do Foro 2010.



Raul Juste Lores,

fillo de galegos, é correspondente de Folha de São Paulo en Beijing. Foi editor de Internacionais e correspondente en Bos Aires da Revista Veja, presentador e editor en xefe do telexornal da TV Cultura.



Gonzalo Mitchell Tenreiro, Promotor de comercio exterior en Portugal (IGAPE 08/09), Especialista en Cooperación ao Desenvolvemento polo INA (Instituto Nacional de Administración de Portugal)

**Xulio Ríos**

é director do IGADI.

**Antonio Martínez Puñal**

é Profesor Titular de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela e membro do Consello Reitor do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI).

**Carlos Teijo García**

é Doutor de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais e profesor na Universidade de Santiago de Compostela

**Xavier Vázquez,**

Unidade de Política de Control, Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca, Comisión Europea.

